

Concedidos en Cornellá os premios do Certame Literario Rosalía de Castro 2014

Antonio Díaz, Barcelona | 03 Diciembre 2014 - 10:18 h.

O sábado 29 de novembro, tivo lugar o acto de concesión dos premios do Certame Literario Rosalía de Castro 2014, organizado pola Asociación Cultural Galega Rosalía de Castro de Cornellá (Barcelona), que este ano acada a súa 28ª



O alcalde de Cornellá, Antonio Balmón, pecha o acto de concesión dos premios.

edición na modalidade de poesía en lingua Galega e a 11ª na de narrativa, e no que foron galardoados cos primeiros premios: Miriam Ferradáns, en poesía, e Alba Sánchez, na modalidade de narrativa.

O acto de concesión dos premios foi precedido dunha charla-coloquio a cargo da escritora Elí Ríos, filla de pais emigrantes galegos en Londres e residente en Galicia, que presentou o seu último libro, 'Anamnese', un poemario co que ven de gañar o II premio de poesía Manuel Loureiro.

Pola noite, tivo lugar unha cea celebrada nas dependencias da entidade e presidida polo alcalde da cidade de Cornellá, Antonio Balmón, e o presidente da Asociación, Alfonso Rico, á que asistiron numerosos socios e amigos da entidade, así como diversas autoridades do mundo da cultura e a sociedade de Cataluña, ademais de representantes da Corporación Municipal de Cornellá e delegacións doutras entidades galegas de Cataluña.

O presidente do xurado do certame, Jordi García Guitart (Regidor delegado de la Ciudad de la Lectura y Política Lingüística do Concello de Cornellá), e composto por persoas relevantes da cultura galega, deu a coñecer aos gañadores da edición deste ano 2014.

Na modalidade de poesía, na 28ª edición do Certame de Poesía en Lingua Galega Rosalía de Castro, os gañadores foron os seguintes:

Primeiro premio: Miriam Ferradáns Ferradan, de Bueu, polo seu poema titulado 'O sangue que corre polas rúas'. Dotación, 500 euros.

Segundo premio: Verónica Martínez e Albert Momán, de Lugo, polo poema 'Tes de embarazo positivo'. Dotación, 300 euros.

Terceiro premio: Xosé Otero Canto, de Lugo, polo seu traballo 'Rolando o Vento para o Nordés'. Dotación, 200 euros.

Na modalidade de narrativa o mesmo xurado concedeu o premio da 11ª edición do Certame de Narrativa Rosa Reboredo, ao traballo en Galego presentado por, Alba Sánchez Ares, de Santiago, polo seu traballo 'Querida Lola'. Dotación 500 euros.